

3

P
O
N
T
E
N
O
V
A



REVISTA DE NOVOS INVESTIGADORES

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

AS FESTAS DOS MOZOS

NA PARROQUIA DE BUEU

Xosé M. Cerviño Meira

0. INTRODUCCIÓN

Ollando ó pasado, xorden do pobo innumerables acontecementos sociais que perviven nos nosos días, as máis das veces mudados en canto que ás formas, pero sempre mantendo un mesmo fío que establece a continuidade a través do tempo. Quizais o exemplo máis visible do que se está dicindo sexan os actos lúdicos: as fogueiras de San Xoán, o magosto, o Entroido..., que mudaron a súa escenificación tradicional así como parte do seu sentido, e iso a pesar de conservar moitos dos valores intrínsecos ó acto, tales como o culto ó lume, a transmutación da orde social, etc.

Entre os actos lúdicos atopámonos coas “festas” do pobo, nas cales a integración no grupo se fai máis perceptible, sendo o momento no que a aldea, vila, colectivo,... pasan a identificarse con elas: o seu éxito de público —tanto no sagrado (procesión) coma no profano (verbena)—, a súa calidade,... son identificados coas cualidades dos seus protagonistas.

Por tal motivo, van ser razón de competencia, de rivalidade cos “outros”, coa aldea veciña, o colectivo adversario,...

Situados no nivel do concreto, a tradición oral indícanos-lo inicio das festas da mocidade, o que é dentro do concello de Bueu, na parroquia de Cela, a finais do século pasado. Logo duns anos, en Beluso e Bueu, as outras parroquias, os respectivos colectivos xuvenís, para non ser de menor “categoría”, imitan a iniciativa, perdurando no tempo ata o día de hoxe.

A anatematización do outro alcanza o interior do mesmo grupo: a parroquia de Bueu (en realidade, tan só A Ribeira) medra, e con ese crecemento dous bandos socialmente diferenciados pasan a enfrontarse tamén nas festas: a mocidade compite, dentro da freguesía, cos do outro lado dun regato, sexan do “centro”, os “señoritos”, ou sexan da Banda do Río. Nesa dualidade grupal, resulta todo un orgullo “facer unha festa pagada por nós sos”, reflectido na cara dun dos ex-presidentes da comisión organizadora dos eventos.

Rara era a festa que ofrecese unha simple verbena, xa que a normalidade tendía a impor un carácter sagrado á mesma mostra da relixiosidade popular. Na parroquia de Bueu, os mozos escolleron sempre como patrón do seu día a unha personaxe feminina: primeiramente á virxe das Dores, logo asociada á do Carme por unha banda; e posteriormente rivalizada coa santa Ifixenia, por outra.

O contexto no que xorden tanto unha coma outra é o dun pobo dunha economía vencellada case totalmente ó sector pesqueiro, e, concretamente, na primeira metade do s. XX, á sardiña, o que impoñía a necesidade de amoldarse ós imperativos do mesmo. As implicacións desta dependencia chegaron ó punto de influír nas datas festivas por canto, para non interrompe-lo ciclo pesqueiro, era preciso busca-la coincidencia coa lúa chea, aproveitando que os mariñeiros da ardora non podían saír ó mar, a consecuencia da excesiva claridade da noite. Por este motivo, imos atoparnos cunha grande mobilidade dos días propios das festividade dos santos, buscando sempre



Capela-Ermida de Santa Cruz.

a data máis próxima anterior ou posterior.

Tan arraigada estaba a concepción de grupo, que todo fracaso na organización era achacado pola prensa local da época única e exclusivamente ó colectivo, ó conxunto de mozos representados no imaxinario social como integrantes do mesmo.

A reafirmación do grupo, do si mesmo, ten como consecuencia que as festas contribúan á chegada de gran cantidade de viaxeiros, familiares e amigos (individuos integrados no conxunto, ausentes temporais) que, aproveitando as datas especiais, e con intención participativa no evento, proceden a visitarse, mantendo vivos uns lazos preexistentes, integradores no colectivo. Tamén actúan as festas como reclamo turístico, a semellanza dos actuais acontecementos gastronómicos, sendo así que ós visitantes se lles obsequiaba con bailes, actos especiais e ata se lles facilitaba a súa chegada (no caso de Bueu, establecendo para a ocasión liñas directas que por mar os traían desde Vigo, combinándoos posteriormente cos excursionistas de Cangas, facéndolles posible o regreso á medianoite, o cal xa non era pouco).

Concluindo, eran os tempos nos que as festas desempeñaban un papel totalmente diferente do actual, constituíndo a ocasión para a máis intensa interrelación social da época. Será a perda deste sentido o que as transforme, esquecendo na actualidade ese sentir grupal, perdéndose no tempo esa definición de mocidade¹.

1. ORIXES

1.1. O pazo e a capela de Santa Cruz

Toda tradición ten un comezo e, se nos atemos ós datos que sobreviviron ó paso do tempo, resulta que as dúas festas ás que nos estamos referindo se orixinan, no seu aspecto relixioso, en torno ó pazo e capela de Santa Cruz, fundada polo que fora comisario do Santo Oficio da Inquisición, D. Fernando de la Rúa Freire (abade rector de Bueu desde 1660), no ano de 1671. Concretamente, a escritura de fundación data do 13 de agosto dese mesmo ano².

Tanto por ese documento coma pola información recollida nas distintas visitas realizadas á freguesía de Bueu polo Arcebispado de Santiago e ano-

tada no Libro de Fábrica da parroquia³, sabemos que fora fundada dentro do soar da granxa da Ran Morta (antiga denominación do pazo, cando este pasou a propiedade do referido abade) cunha advocación á Santísima Cruz e á Nosa Señora da Soedade. Xa construída na data de fundación, cun retablo de madeira dourado na súa capela maior, gardaba as imaxes do Noso Señor Xesucristo descendido da Santísima Cruz e a imaxe da Soedade ó seu pé. O sinxelo feito de non cita-la cruz de marfil debe facernos supor unha idade máis inmediata a nós.

Externamente, a capela presentaba, como ornatos da construción inicial, unha portada principal de pedra labrada, un Cristo crucificado e dúas imaxes, unha da Virxe e outra que pretendía representar a San Xoán; unha labra heráldica sinalando ó fundador remata os adornos da mesma. Ningunha información se garda do púlpito pétreo lateral soportado por dous músicos, podendo ser estes dun tempo posterior, sucedendo o mesmo co descendemento do adro.

Doce eran as misas que incluían á fundación orixinal, a dicir polo



Lenda que acompaña ó referido retablo.

abade-rector de Bueu na relación dunha cantada e tres rezadas os días da Santa Cruz dos meses de maio e setembro así como o luns seguinte ó día de Pascua de Resurrección. A estas funcións relixiosas engadiríanse as misas que tiña obriga de dicir o patrón da fundación polas ánimas dos pais e avós do fundador así como pola del mesmo e a do gobernador e capitán xeneral do Reino de Galicia, D. Vicente Gonzaga.

No ano 1682, o mesmo fundador, a través do testamento no que crea o vínculo de tódolos seus bens, inclúe na relación de misas unha nova, a dicir o día de Venres Santo, pola redención do N. S. Xesucristo⁴. Xustamente o ano antes mandara construír un Vía Crucis que desde o cruceiro da mesma capela chegaba á dos Santos Reis (por el tamén ergueita), finalizando nun calvario sito nesta última igrexa⁵.

Posteriormente, a comezos do s. XVIII, e na ermida de Santa Cruz, D. Joseph Antonio de la Rúa Freire crearía unha fundación en favor da capela do Carme, por el levantada no colateral da capela, incluíndo un total de catro misas anuais⁶.

Neste tempo, a devoción á Virxe colleu arraigo popular de gran calado, ata o punto de ser obxecto de cesión de bens en diferentes herdanzas. Exemplos disto son no ano 1772 o testamento de dona Teresa de la Rúa, veciña da xurisdicción de Bouzas, que decide instituír unha fundación sobre os seus bens, cunha misa ós sábados e nos días festivos, á Nosa Señora do Carme na súa capela, sita na ermida de Santa Cruz de Bueu, observándose o “aseo do restillo de prata que ten a referida nai do Carme”⁷.

Tamén no ano 1794, o codicilo de don Casimiro Pimentel “mandase faga e poña coa debida decencia o colateral da divina imaxe da Nosa Señora do Carme que se venera na capela da referida casa de Santa Cruz, e que sexa ben capaz para que se acomode coa súa coroa francamente, isto é se o otorgante non o executa antes da súa morte, como pensa facelo mediante terllo así ofrecido a esta soberana imaxe de Nosa Señora para o seu maior culto e decencia, en caso de defecto ha de entenderse puntual o cumprimento, sobre que lles encarga a conciencia”⁸.

Con todo o dito, queda máis que patente a pronta devoción á Virxe.

No s. XIX seguen as mostras de afecto. Valla como exemplo o veciño de Bueu, don Antonio de la Rúa, quen lega unha “limosna” ó convento da Nosa Señora do Carme, sito en Padrón⁹.

Sen embargo, sen coñece-lo motivo e a pesar das rendas que percibía, deixa de existir a confraría do Carme no ano 1836 —realmente cabe dicir que, ata 1850, desaparecen cinco das sete confrarías da parroquia, permanecendo tan só a de Fábrica e a de San Martiño, o patrono, amosándose, claramente, a desidia xeral do pobo para coa igrexa¹⁰.

Será a mediados deste século XIX cando a vella igrexa parroquial sexa desmontada e no seu lugar será erixida a actual. Da discusión xurdida por tal motivo, conclúese que no tempo transcorrido desde o testamento de don Casimiro Pimentel, unha nova imaxe do Carme fora instalada na parroquial. A nova localización será a capela que o Lcdo. Sebastián de Padín fundara, alá polo século XVI, para a gloria da Nosa Sra. dos Reme-

dios e agora denominada do Carme, dada a nova adscrición.

Na nova igrexa, a Virxe contará cun espacio propio, sufrindo diversos avatares: como anécdota máis salientable, non se librará a Patrona do roubo na parroquial, no ano 1886, substraendo os asaltantes, entre tódalas alfaias e teas preciosas a súa coroa e sardiña de prata. Como consecuencia do roubo, o pobo ofendido e ultraxado na súa fe, reaccionou con inmediatas doazóns, entre elas os 1.000 reais que custaba unha nova imaxe da N. S. (que sería encargada á casa Verga e Cía., en Barcelona)¹¹. Esta imaxe será substituída pola actual a mediados deste século, obra do imaxineiro Rivas, quen xa tiña creado, no 1931, á Virxe do Mar de Beluso.

Entrementres, a casualidade dun depósito da imaxe de Santa Ifigenia na ermida de Santa Cruz, en tempos relativamente recentes, será o motivo da celebración da súa festividade, por parte da mocidade da Banda do Río. Tal casualidade é recollida por dous testemuños citados polo cronista local D. José M.^a Estévez¹²: o primeiro, obtido de J. J. Vázquez, sinala unha aposta como motivo de adquisición da

imaxe por parte dos propietarios da capela; e, un segundo apunta a unha doazón dun párroco vigués que pretendía desfacerse dela. Sexa cal fora o motivo, menciona o noso autor unha negativa por parte dalgúns membros da familia Pimentel (na súa condición de propietarios) a coloca-la mesma dentro da ermida.

1.2. Haxiografía

O Carme

A tradición relixiosa refírese á Virxe do Carme¹³ como a patrona daqueles homes da Igrexa que, encargados dos Santos Lugares de Palestina, vivían no monte Carmelo (de onde proviría o seu nome). Durante As Cruzadas, o rei francés S. Luis repátrios a Europa, instalándose como comunidade relixiosa en Francia primeiro e Inglaterra a continuación. É así como o inglés Simon Stock, eremita el, entra en contacto coa orde carmelita.

Segundo recolle a tradición, presentóuselle varias veces a Virxe en xeito de milagre, practicando el conversións na súa illa ó tempo que se perfeccionaba relixiosamente. Alcanzando unha idade madura, a Virxe, acompañada dunha chea de seres celestiais,



*Retablo da Virxe do Carme.
Capela de Santa Cruz.*

entregoulle un escapulario de protección tanto persoal coma da súa orde, en virtude do cal pasarían a gozar da súa protección e benevolencia coa dita de que a persoa morta coa divisa non haberá de padece-lo lume eterno. O santo escapulario tería salvado a numerosas persoas da morte certa dun incendio, a caída por un cavorco, un accidente, unha enfermidade,... Tamén, cómo non, cántas veces o escapulario terá salvado ós náufragos de morrer afogados, no seu dominio sobre as ondas do mar maior.

Pero a patrona dos homes do mar non só oferta unha protección neste mundo, a súa protección alcanza o outro lugar da vida: os seus servos son rescatados do eterno purgatorio e, aínda que non do inferno, si ten medios para evitar unha morte na impenitencia final.


No ano 1587, Sixto V aproba a festividade do santo Escapulario.

Santa Ifixenia

A tradición haxiográfica, enormemente creativa e pormenorizada, no caso de santa Ifixenia amósase case estéril ó referirse a ela, ignorando case por completo a súa biografía.

Gracias ás actas de S. Mateo¹⁴ coñecemos que Ifixenia foi a filla primoxénita do rei etíope Exipo e a súa dona Eufemia convertidos ó cristianismo polo propio evanxelista. Coa morte do seu pai, o seu tío Hitarco accede ó poder como sucesor e coa finalidade de adquirir lexítima herdanza propónse o matrimonio coa doncela primoxénita. A santa, sen embargo, tras escoita-los sermóns de S. Mateo sobre a excelencia espiritual das virxes oponse ás pretensións do seu familiar co firme apoio do seu pai predicador, custándolle a vida.


Así foi que ela sufriu martirio, sendo seguida a súa actitude por innumerables doncelas, converténdose S. Mateo no seu patrón. Agora ben, no mesmo catolicismo (principalmente o padre Stilting, S. J.¹⁵), considera o texto desta tradición como apócrifo. Cabería entón relacionar esta tradición coa mitoloxía greca, que nos presenta a Ifixenia como filla doutro rei, Agamenón. Enfrontado este ós deuses, vese na necesidade de inmolar á súa filla como sacrificio (curiosamente na tradición haxiográfica tamén morre no lume) e, xusto no momento de comenza-la fogueira, a deusa Arte-



*Imaxe da Virxe do Carme,
Igrexa parroquial de Bueu.*



*Carreira de cintas en Bueu.
Arquivo José M.^o Estévez.*



*Retablo de Santa Ifixenia.
Capela de Santa Cruz.*

misa acode a rescatala, substituíndoa por un cervo, transportando a Ifixenia nunha nube á Táurida e converténdoa en sacerdotisa do seu templo (sería así a virxinidade a terceira cualidade similar nas dúas tradicións).

Esta tradición sería levada á literatura polo dramaturgo grego Eurípides, en dúas ocasións, constituíndo a primeira delas, co argumento do sacrificio da princesa, unha obra mestra no seu xénero.

1.3. Orixe

Resulta difícil indica-la data de orixe das festas do Carme, e iso por causa da falta de información ó respecto. Si é certo que xa a comezos deste século eran grandes festas, con tradición no tempo (o que fai supor unha relativa antigüidade das mesmas).

Separadas nun principio as do Carme das Dores (celebradas a finais de xullo, sendo estas últimas propiamente as “da xuventude”), pasaron na segunda década do século a celebrarse conxuntamente, primeiramente a finais de mes, para de seguido continuar coas datas que se manteñen nestes intres asociadas ó Carme.

No tocante ás festas dos mozos da Banda do Río, sinalar que a barriada medra ó tempo que se incrementa o volume de explotación dos mares locais, pasando a identificarse como colectividade durante este s. XX. E así, o de sempre topónimo da Ribeira pérdese, substituíndose por dous ámbitos xeograficamente diferenciados. Nun acto de autoidentificación, este barrio inventa unhas festas a mediados deste século, sendo organizadas

polos seus mozos, na honra da súa patrona Santa Ifixenia.

A celebración-exaltación de Santa Ifixenia iniciouse no ano 1941, xusto o ano no que non se puideron levar a cabo as festas de San Martiño, o patrón¹⁶. No último momento, unha comisión vencellada á Banda do Río intenta recadar e levalas a cabo na Praia, con misa de campaña incluída, ó que se opuxo o abade, D. Ángel Rama.

Co diñeiro recadado Eladio Baena, o presidente, Luis Gómez, o vicepresidente, e Benito Cerviño, en calidade de tesoureiro, acordan rescatar unha festa que chegou a existir tempos atrás na honra de Sta. Ifixenia¹⁷. E así, no ano 1942, nace unha tradición que pervive ata os nosos días.

Múltiples inconvenientes sobreviviron este primeiro ano: a negativa de Pi-

mentel a cede-la capela; novamente, a de D. Ángel, que chegou a ameazalos cunha denuncia por un mal uso do nome da santa,... Finalmente, a festa celebrouse aínda que cun carácter profano este primeiro ano, sen ningún acto relixioso.

2. O UNIVERSO FESTIVO

O universo festivo aparécenos reflectido nun programa, elemento artellador do acontecer social. Composto por actos relixiosos, competicións deportivas e actuacións musicais como principais actividades públicas, viñan complementadas por pequenos engadidos que rachaban coa monotonía do rutinario: fogos de artificio, iluminación... Complementando ó programa (escena pública), unha serie de circunstancias transcorren no seo familiar (escena privada): o xantar, a roupa,..., son detalles que contribúen na creación dunha concepción diferente dese día especial.

2.1. Os actos relixiosos

Se unha festa mantén certas connotacións relixiosas, polo feito de estar dedicada a un ser sagrado, resulta congruente que se acompañe dunha celebración ritual: unha misa, unha procesión, unha ofrenda, etc.

No caso da Virxe do Carme, entre os actos relixiosos cabería citar como fundamental, en tanto que asume o máximo protagonismo, a misa cantada seguida dunha procesión que tradicionalmente, dende o alto da igrexa parroquial, percorría a vila ata baixar á Praia, lugar onde se atopaba a vella capela dedicada a S. Xosé. Alí, a Virxe pernoctaría para que ó día seguinte fose devolta, novamente en procesión, ó seu lugar orixinario, rematando as honras con outra misa en loanza da Virxe das Dores.

No tocante a Santa Ifigenia, cómpre sinalar que no seu comezo careceu de acto relixioso por motivos xa expostos anteriormente. Sen embargo, coa venda do pazo de Santa Cruz, incluída a capela, á familia Bescansa, a ermida recupera as celebracións, iniciándose un culto á Santa que incluía unha misa maior cantada, seguida dunha procesión ó redor do adro circundante, ó tempo que unha ristra de bombas de palenque marcaba o ritmo daquela.

A pronta devoción do pobo para con Sta. Ifigenia, converteuna de seguida en merecedora de ofrecidos, homes e mulleres que, agradecendo o seu labor intermediario co divino, cum-

pren as súas promesas co regalo de figuras de cera, aceite, algún animal ou diñeiro. Unha vez rematada a misa maior, procedíase á subhasta daqueles bens de posible poxa, sendo moi requirido o popular aceite da santa, coa finalidade de ser empregado na cura das espullas.

2.2. A verbena

A verbena tiña como soporte as actuacións musicais, acompañadas da iluminación e os fogos de artificio.

Neste aspecto musical, rememórase a reiterada presenza dos gaiteiros de Soutelo de Montes así como os bueanos irmáns Barros. Entre as bandas de música, a Lira de Ribadavia, as bandas dos rexementos militares, pero, sobre todo, o inesquecible Paratcha e a súa banda,...

Ó tempo, as sociedades recreativas da localidade dan acollida non só ós seus socios senón tamén a unha chea de forasteiros ós que agasallan con bailes de salón.

Noutra orde, a iluminación era, quizais, o elemento máis rechamante para as xentes da primeira metade deste século. Baseada nun sistema de candeas e luces de carburo primeiro, e na electricidade despois, ilumínase o espacio físico no que transcorre a



*Irmáns Barros, gaiteiros de Bueu.
Arquivo José M.^o Estévez.*

fiesta. ¡Canta xente se lembra daquelas vergas dos barcos que, prestadas para a ocasión, permitían colgar unha serie de faroliños de papel coloreado ou da solta dos denominados globos “gro-tescos”!

Os fogos de artificio completaban a verbena. Valorados pola súa intensidade e luminiscencia, poñían o broche á calidade da programación. Unha ferverza iluminada, un ceo cheo de luces de todas as cores ou un conxunto de castelos movéndose eran capaces de concentra-la atención dos asistentes, que cesaban nas súas outras actividades para pararse a contemplalos.

2.3. Os fogos de artificio:

o Sr. Iglesias

O Sr. Iglesias era coñecido popularmente na vila de Bueu como Pepe, o coteiro. Veciño da Banda do Río, traballaba xunto cos seus fillos Xulio, Pepe e Benilda na fabricación dos foguetes de artificio na que sería perruquería do seu sobriño Eladio. Moitas son as testemuñas que se lembran del laborando na fiestra que ten vistas para o recheo. As coteiras, casetas de madeira nas que secaba a pólvora e

gardaba o material, atopábanse situadas en Achadiza, xusto á esquerda da fonte, naqueles terreos que eran de Baltasar Buceta.

Recoñecidas eran aquelas mulleres que, coas súas cestas, baixaban desde Cela, Ardán, e sabe Deus de ónde máis, cando as festas da súa parroquia, buscando os foguetes para as mesmas. Alí tamén se contrataban os seus servizos para os populares “castelos” de artificios,... pois para todos era un “menudo fogueteiro”.

2.4. Actos menores

Tódolos acontecementos desempeñaban un papel de dinamización social, provocándose disputas e pelexas entre os distintos barrios por detalles coma o percorrido das bandas de música, ..., en definitiva, polo protagonismo dos mesmos.

Os aspectos sociais e deportivos acompañaban e convidaban á animación lúdica: partidos de fútbol co enfrontamento de rivais parroquiais (p. e., a copa Tapias), as carreiras de cintas (coa participación das “señoritas” na súa confección e o protagonismo de Attilio Gaggero cos seus triunfos), regatas mariñeiras coas agora embar-

cacións tradicionais, cine,...

Tamén o público infantil gozaba dunha posibilidade de divertimento: a cucaña, a fariña,... agolpaba ós rapaces sempre coa intención de alcanza-lo premio.

Todo este ambiente festivo contribuíría a unha grande afluencia de público foráneo, pero non só del. Grande número de veciños ou parentes ausentes aproveitan estas datas para achegarse ás súas respectivas casamatrix, a súa orixe, recoñecéndose parte integrante dese grupo que está a celebra-lo seu día, renovándose así uns lazos preexistentes e evitándose a súa perda.

Pero, se había un acto que diferenciaba as festas dos mozos das demais festas do ano eran os tradicionais “vivas”. Tras saír ó encontro dos mozos que desde as parroquias veciñas chegaban en grupo, formando un todo, convidados polos organizadores, o presidente da comisión lanzaba uns vivas na honra dos mozos que se achegaban a compartir con eles o acto, servíndose a continuación, entre os asistentes, aquel viño tinto repartido a eito en cuncas das que todos botaban man.

ANEXO: O CARME DE 1930

Non hai, en Galicia, lugar mariñeiro que non se volque o día da súa patroña, a virxe do Carme. Por tal motivo, a mediados do mes de xullo a Galicia costeira está en festas na honra da virxe protectora dos mariñeiros, e a parroquia de Bueu non sería máis ca un nome dunha longa fileira.

En Bueu, escasos son os anos nos que non se ten celebrado esta festividade con grandes fatos, derrochando ese día na roupa, no xantar, na festa... Aínda así, se debemos reconece-la grandiosidade dalgún día especial, sobresaínte entre os outros, debemos remontarnos ó ano 1930, ós días 12, 13 e 14 de xullo. O eco da festa foi tal que a prensa viguesa toda recolleu información dela durante a semana seguinte¹⁸. Comezando o sábado 12, coa chegada dos sempre solicitados gaiteiros de Soutelo de Montes (a súa fotografía será publicada polos xornais vigueses o día 15, xunto co coro Ruada), abríanse unhas festas que habían contar coa presenza das bandas militares de Vigo (Rexemento de Infantería Murcia) e Santiago (Rexemento de Infantería Zaragoza) amenizando unha verbena, completada cos foguetes de artificio, voadores e iluminación eléctrica.

O *Faro de Vigo* ofrecía como crónica ó día seguinte: “Esta tarde deron comezo os festexos da xuventude con extraordinaria animación de forasteiros. As bandas militares de Murcia e Zaragoza e os gaiteiros de Soutelo obtíñen un triunfo merecido, non regateando o público os seus aplausos pola interpretación que dan ás súas obras. O folión, á hora que telefoneamos, está en todo o seu apoxeo e a iluminación eléctrica resulta sorprendente”.

O domingo 13 presentábase como o día grande. *El Pueblo Gallego* saudaba a Bueu desde as súas páxinas cun especial de dúas follas, responsabilidade de J. Carballeira, cabendo salientar entre os traballos o del mesmo sobre a situación mariñeira; unha entrevista ó alcalde, Francisco Domínguez

Cabanillas; un comentario de Luis Buceta sobre a sociedade “Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus contornos” de Nova York; e, destacando a modo de editorial, a sinatura de Ramón Otero Pedrayo, quen escribía “¡Quen poidera pasar un ano enteiro, sen faguer outra cousa que suprender a chegada do outono, frol do viño nas parreiras, e total’as palpitacións de forza psíquica, de graza e malenconía no ollar da boa xente mariñeira e labrega de Bueu! Pra ilo anotando n’un coaderniño e facer un libro que se non publicaría endexamais pra que non’o morderan os aires do mundo”.

Acompañada de orquestra, tivo lugar ás dez da mañá a función relixiosa, seguida dunha procesión que había revestir “extraordinaria solemnidade”, e na que participarían, portando o estandarte, Salvador Moreno e outras autoridades da Mariña, acompañados, ademais das bandas musicais, dunha sección de trompetas e tambores do polígono “Janer” e mariñeiros do buque “Villaamil”, fondeado no porto de Bueu durante os festexos. Ó mesmo tempo, unha exhibición aérea producíase sobre o ceo de Bueu.

Remataría o percorrido da procesión na capela de S. José, na Ribeira, coa celebración dunha misa cantada baixo a dirección do Sr. Torres Creo, predicando o Dr. Silva Ferreiro, catedrático do Seminario de Santiago, cun sermón acerca da Virxe do Carme. Posteriormente, o alcalde presidiría un banquete no concello en agradecemento ós “ilustres” visitantes.

Nesta tarde de domingo, as xuventudes recibían ás homónimas de Beluso e Cela, acto xuvenil principal, no que se produce a identificación cos grupos respectivos. A continuación dará comezo un festival galego, no campo das Corredoiras, moi concorrido e de grande éxito, a excepción do sonado coro ourensán “De Ruada” que sufriría certas críticas negativas por parte do público.

No serán, daba comezo unha nova verbena, esta vez rivalizando co baile

no Liceo Casino, en “obsequio” dos forasteiros, que contaba coa presenza dun “aplaudido” sexteto. Ás once, unha fervenza iluminada de máis de sesenta metros e, ás doce, un castelo de foguetes artellados polo Sr. Iglesias completaban o programa do día. O luns 14, novamente procesión en sentido inverso, pois a virxe que fora velada na Ribeira, subía á igrexa parroquial, neste caso, acompañada de xentes da parroquia, “escoltando” un hidroavión á Virxe, ata a entrada da mesma na igrexa, dando comezo unha misa en honra, esta vez, da Virxe das Dores.

Rematábase a festa cun partido de fútbol, concerto das bandas coa presenza do mestre Soutullo interpretando a súa obra Soto del Parral e, finalmente, a tradicional verbena cunha sesión de fogos acuáticos.

“Satisfeitos poden quedar do resultado dos festexos tanto a Xuventude coma a Comisión formada para tal obxecto. A nosa sinxela felicitación a todos eles e a continuar polo camiño emprendido, pois cremos que se se organizan outras para o ano vindeiro, todos axudarán máis ante a demostración práctica dos beneficios que reporta e a importancia que conceden a esta vila”. Tal era o comentario final de *El Pueblo Gallego*, do día 16. O *Faro de Vigo* facía unha análise similar: “Como endexamais, seguramente, teñen resultado brillantísimas as festas celebradas este ano en honra á Virxe do Carme e que duraron desde o sábado até onte. As rúas durante a tarde víanse invadidas de persoas”. Ou tamén “Concurriu numerosísimo público, entre os que se vían moitas familias de Vigo, Pontevedra e Marín. De Cangas pode dicirse que tiñan ido a Bueu a maioría dos veciños (...). Satisfeitísimos poden atoparse a comisión de festas, pois seguramente que xamais houbo festexos na vila tan brillantes e concurridos como os relatados a grandes rasgos”.

Foi presidente da comisión destas festas o mozo D. Perfecto García Lemos.

NOTAS

1. Na actualidade, o mesmo colectivo organizador é responsable tanto das referidas festas coma das do patrón da parroquia, S. Martiño, sen que os seus integrantes se poidan definir a si mesmos como compoñentes do colectivo xuvenil: permanecen as festas pero non o seu sentido.
2. O escribán Domingo Freire de la Torre, veciño de Santa María de Cela, recolle en protocolo do ano 1671 a fundación. Arquivo Histórico Provincial, 1063 (1), fol. 102 e ss.
3. Libros de Fábrica da igrexa Parroquial de Bueu, anos 1656 e 1747. Arquivo Parroquial.
4. Escribán Mathias Aballe y Castro, veciño de Cangas, en protocolo do ano 1682, AHP, 1649 bis, fol. 11 e ss.
5. Na inscrición do cruceiro que se atopa no adro da capela de Santa Cruz lemos: "estas dieciseis cruces mando acer a su costa el comisario D. Fernando de la Rúa y Freire, abad desta feligresia. Año de 1681".
6. Joseph A. de la Rúa Freire funda a capelania no lateral da ermida de Santa Cruz no ano 1706, segundo recolle testemuño o Libro de Fábrica da igrexa parroquial de Bueu nas visitas dos anos 1747 e 1757. No ano 1791 permanecía a fundación, segundo consta no Libro de Fábrica da Igrexa Parroquial de S. Martiño de Bueu.
7. Ante escribán Tomás Romero y Carrera, da xurisdicción de Bouzas, no ano 1772. AHP, Ca 2821(1).
8. Pascual de Juncal, ano 1794. AHP G-1460.
9. Escribán José Manuel de Graña, ano 1811, AHP G-1439(7).
10. Quizais debido ás malas relacións que cabe supor existían entre o rector D. José Pazos de Proben e os seus fregueses. Baseándonos neste suposto, interpretámo-lo feito exposto por Beatriz López Morán, en *O bandoleirismo en Galicia*. Edicións do Castro, quen sinala que, cando os bandoleiros de Noalla veñen roubar ó cura, ninguén da vila acode no seu auxilio, a pesar do longo treito polo que tiveron que camiñar ata lograr a súa fuxida por mar, sendo este un caso excepcional de falta de axuda en toda Galicia.
11. Libro de Fábrica da igrexa parroquial de S. Martiño de Bueu, ano 1886.
12. Estévez Castro, J. M.a: *Reconocer Bueu*. Deputación Provincial de Pontevedra, 1996, páx. 238 e 241, nota 2.
13. Croisset, P.J.: *Año Cristiano o ejercicios devotos para todos los días del año*, Ed. M. Rodríguez, ano 1876. Tomo IV, páx. 409 e ss.
14. Croisset, P.J.: *Año Cristiano o ejercicios devotos para todos los días del año*, Ed. M. Rodríguez, ano 1876. Tomo V, páx. 550 e ss.
15. *Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana*. Espasa-Calpé. T. 28-1, páx. 895 e ss.
16. Dada a proximidade no tempo, aínda viven aqueles mozos que foron os causantes dela, motivo polo cal a tradición oral resulta abundante, cualificándose de fundamental a información do que fora presidente da primeira comisión, D. Eladio Baena.
17. Anteriormente, e sen que existise periodicidade determinada, tiñanse celebrado festas no mesmo barrio en honra da Santa, situándose no calendario a finais do mes de xullo (24 e 25 no ano 1926, e 28 e 29 no ano 1928).
18. Diarios *Faro de Vigo*, os días 13, 15 e 16 e *Pueblo Gallego* os días 13, 15, 16, 17 e 18.